

2ª XUNTANZA AULA 1

ORDE DO DÍA:

- Benvida e agradecemento pola asistencia.
- Avaliación do grupo.
- Dinámica de aula.
- Centros de interese ata finalizar o curso.
- Festa do Entroido.
- Recados varios.

1. **Benvida e agradecemento de asistencia.**

2. **Avaliación do grupo.**

En xeral tivemos unha boa adaptación aínda que seguimos en pleno proceso de adaptación coas recentes incorporacións... O grupo é bastante homoxéneo en idade e como saberedes, cada neno/a é un mundo e ten a súa propia personalidade. Ademáis, imos evolucionando de acordo ó ritmo previsto para as nosas idades. A nivel motor xa comezamos a facer pequenos desprazamentos polo que sería importante que tamén o traballedes na casa (alternando as posicións boca arriba-abaixo, fomentar o volteo e a postura de gateo, ofrecerlles xoguetes a certa distancia para favorecer así que se despracen para intentar alcanzalos,etc...)

De aquí en adiante iremos entrando nunha etapa de maior movemento e de experimentar cousas novas a nivel motriz e co tempo chegarán os momentos dos retos, dos **golpes**, os **chichóns**, **mordiscos** (experimentan a través da boca)... e tamén de pouco a pouco ir descubriendo os outros amigos/as e de tocalos, quitarlles as cousas, e tamén de algún **tirón de pelos**, **arañazos**... polo que por favor estade pendente de cortarlles ben as uñas, e estade preparados para o que está por vir.

3. **Dinámica da aula.**

Como xa sabedes os madrugadores están todos xuntos (aulas 1 e 2) con Inés 8 a 10h.

A xornada comeza ás 10:00, marchan os amigos da aula 2 e recibimos ós que entran a esa hora. Ás 10:20h (Luns, Mércores e Venres) chega Silvia (a profe de Inglés) e temos 5 minutos de clase con ela. Hai que dicir que nestes primeiros días están moi atentos, e sorprendidos.

Despois de que ela marche aproveitamos para mirar algún conto, cantar algunha canción e logo faremos as actividades que teñamos organizadas para o día (claro que todo isto dependerá moitas veces dos sonos.)

Máis adiante faremos actividades manipulativas (masa, iogur, xelatina,espaguetes...)

4. **Centros de Interese.**

De aquí a final de curso o que imos a traballar será:

- Os meus amig@s da escola
- Disfrazámonos.
- Cos sentidos.
- A Granxa.
- A Auga: neste centro de interese organízase unha saída á [piscina](#) en Arkhé O día **9 de Xuño de 10.30 a 11.15h (a actividade dura aprox.45´) pero haberá que estar alí un pouco antes**. Para a saída, é imprescindible un adulto por bebé que se meta na piscina con el, en caso de que non levar acompañante quedaría na escola. Iremos en coches particulares e deberemos reunir un mínimo de 5 nen@s.
*Queda no recanto de Pais/nais un listado de confirmación de asistencia para que vos vaiades anotando.

5. Festa do Entroido.

Como xa saberedes a festa xira en torno a **temática elixida**, este curso "O Son de Arela" e cada aula irá disfrazada do grupo musical que representa, no noso caso de **ABBA**.

Poderemos facer un taller de disfraces si queredes para facer os disfraces dos nen@s e adultos e senón levaredes os deberes para a casa.

Os nen@s levarán pantis brancos e camiseta branca de manga larga pero non peluca. Os adultos levaremos leggins ou pantalón branco e camiseta de manga larga branca. Como accesorio se podedes conseguir pola vosa conta unha peluca estilo *vintage dos 70*.

Taller: Faremos as *campás* para mangas e as pernas con tela azul e goma e as solapas do cuello (con gomaeva brillante) cosidos na camiseta.

Os gastos do **material** para os disfraces dos nenos/as encargárase a escola pero non do dos papis que deberedes pagalo vós. Eu encargárame de ir buscar material necesario. Xa se vos comunicará o que deberedes aportar.

A semana do 10 ao 14 de Febreiro: *Disfraz Acumulativo..*

O Luns 10 aparece na entrada a personaxe do "Rockero di..." e dirá o que temos que traer ó día seguinte, o Martes calcetíns diferentes por fóra do pantalón, o Mércores os calcetíns mais unha paxariña, o Xoves os calcetíns, a paxariña e un bigote pintado e o día 14 vimos con pixama á escola.

O martes 18 de FEBREIRO: *Disfraz libre* . Traédeos xa disfrazados, e unha muda nunha bolsa para cambialos.

- O día 21 de Febreiro: **FESTA DE ENTROIDO**
Todos os nenos/as deberán vir **acompañados por un adulto** (igual que a Festa de Nadal), que o mellor sería que tamén vos estiverades disfrazados como os nenos/as si é que queremos que a festa teña un pouco de sentido para eles.

Podedes vir ás 10h e vestir ós nenos na aula, si queredes, ou traelos xa vestidos da casa, vós podedes mudarvos no baño.

Ás **10:30** debemos estar **disfrazados**, xa que pasará alguén da escola a quitar unha foto de grupo.

Ás **11:00** empezará a festa no patio. Durante a festa non se poderán quitar fotos, soamente se poderán facer na aula antes de subir ó patio e durante o xantar de despois e o bailongo. Mentres dure a actuación da festa os adultos teñen que colocarse detrás dos nenos/as é o mesmo que na festa do Nadal.

Se queredes tamén poderedes traer para a festa algo de **comida** típico de carnaval: orellas, rosquillas, filloas,...

- Habará unha **actuación de nais/pais**, aqueles que se animen e estean interesados en participar comentarvos que os ensaios comezan o 23 de Xaneiro ás 17.30h. sendo un total de catro ensaios. Se vos interesa participar falade con Iria, Luis ou Alejandra.

***Para a decoración do patio precisamos da vosa colaboración traendo unha silueta de medio corpo (do nen@, da familia ou inventado) decorado como máis vos guste para semellar o público dun concerto.**

6. Recados Varios

- **Aniversarios:** o primeiro da aula será a finais de FEBREIRO e se queredes poderedes vir a celebralo con nós. O habitual é traer un biscoito sinxelo ou unha madalena e soprar a vela, xa que aínda non toman ovo.
- Recordarvos que se queredes tratar algún tema en concreto ou preguntar algo, temos as **titorías**.
- **Comilóns:** a partir do ano teñen que comer os purés do cole. Acordádevos de introducir primeiro na casa alimentos novos.
- Roupa marcada (algúns de vós tedes roupa igual)
- Traer **mandilóns** para actividades.
- **Libreta de aula:** xa empezamos a escribir a libreta de aula a partir do 8 de xaneiro; é importante que a leades tódolos días porque nela contamos o que facemos no noso día a día e tamén e onde deixamos algúns recados.
- As cousas que vos deixamos nos sobres son para levar.
- De cando en vez lembrade ler o recanto de pais e nais.
- Apuntádevos canto antes nas festas, saídas... e si non poderedes asistir poñede "sen acompañante" para poder organizarnos.
- Cando levedes papeis da escola para cubrir, traédeos dentro do prazo.
- Puntualidade na entrada e saída. Lembrade que o horario de aula é de 10 a 13H sendo a entrada entre 10 e 10.15 e 12.45-13h a saída. Os que ampliades horario respectade os horarios collidos.
- Autorizacións. Pasade pola oficina a confirmar autorizad@s a recoller aos nen@s aqueles que aínda non o están da persoa que veña a recollelos.
- En caso de que o neno/a se poña **enfermo** non pode estar na escola, porque non sería bo nin para el nin para os demais nenos/as, co cal se chamaría a casa, xa que na escola non se dan antitérmicos e a partir de 37,5 é febre. Se marcha da escola con febre non debería volver ó día seguinte. Esperar polo menos 24 horas. Tamén se vos agradecería que chamedes cando están enfermos e non veñan a escola.